



SUBGRUPO A1-TEMA 10-INCOMPATIBILIDADES-GALEGO

TEMA 10- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas

1. Segundo o artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o persoal comprendido no ámbito de aplicación da lei:

- a) Non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público nunha localidade distinta.
- b) Non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, agás nos supostos previstos nesta.
- c) Non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, no sector público, agás nos supostos previstos nesta para os cargos públicos.

2. En base ao artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, para os sós efectos desta lei, a actividade dos membros electivos das asembleas legislativas das comunidades autónomas:

- a) Considerarase actividade no sector público.
- b) Considerarase excluída do seu ámbito de aplicación.
- c) Non se considerará actividade no sector público.

3. De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a lei será de aplicación:

- a) Ao persoal que desempeñe funcións públicas, salvo que perciba a súa retribución mediante arancel.
- b) Ao persoal ao servizo do Banco de España e das institucións financeiras públicas.
- c) Ao persoal que preste servizos en empresas nas que a participación de capital, directa ou indirectamente, das administracións públicas sexa inferior ao 50 %.

4. De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, no ámbito de aplicación da lei, delimitado no apartado 1 deste artigo:

- a) Entenderase incluído todo o persoal, calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego.
- b) Entenderanse incluídos os empregados públicos que teñan a condición de funcionario, de carreira ou interino, e o persoal laboral.
- c) Entenderase incluído todo o persoal funcionario de carreira e o persoal laboral fixo das administracións e entidades.

5. De acordo co artigo 3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta lei poderá desempeñar un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos previstos nesta para:

- a) As funcións docente e sanitaria, cando os dous postos teñan carácter non permanente.
- b) As funcións docente e sanitaria.
- c) As funcións docente e sanitaria, sen que nestes supostos se requira autorización expresa de compatibilidade.





SUBGRUPO A1-TEMA 10-INCOMPATIBILIDADES-GALEGO

6. De acordo co artigo 3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, para o exercicio da segunda actividade será indispensable:

- a) A expresa autorización de compatibilidade, que non suporá modificación de xornada de traballo dos dous postos e que se condiciona ao informe de cumprimento.
- b) A expresa autorización de compatibilidade, que non suporá modificación de horario dos dous postos e que se condiciona á valoración do rendemento en ambos.
- c) A previa e expresa autorización de compatibilidade, que non suporá modificación de xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos.

7. De acordo co artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, por excepción, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño dos cargos electivos seguintes:

- a) Membros das asembleas legislativas das comunidades autónomas, agás que perciban retribucións periódicas polo desempeño da función ou que por estas se estableza a incompatibilidade.
- b) Membros das asembleas legislativas das comunidades autónoma en cargos en réxime de dedicación exclusiva, sexan ou non retribuídos.
- c) Membros das corporacións locais en cargos en réxime de dedicación exclusiva, sexan ou non retribuídos.

8. De acordo co artigo 6 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sen prexuízo do establecido para a dedicación do profesorado universitario, excepcionalmente poderá autorizarse o persoal incluído no ámbito desta lei a compatibilidade para o exercicio de actividades:

- a) De investigación de carácter permanente.
- b) De I+D de carácter permanente.
- c) De investigación de carácter non permanente.

9. De acordo co artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

- a) Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- b) Un 35 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- c) Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.

10. De acordo co artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os servizos prestados no segundo posto ou actividade:

- a) Non se computarán para efectos de trienios e de dereitos pasivos.
- b) Computaranse para efectos de trienios e de dereitos pasivos.
- c) Poderán computarse para efectos de trienios e de dereitos pasivos, agás no caso de que se suspenda a cotización.



SUBGRUPO A1-TEMA 10-INCOMPATIBILIDADES-GALEGO

11. De acordo co artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei que, en representación do sector público, pertenza a consellos de administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas:

- a) Percibirá as retribucións que lle correspondan pola súa pertenza e poderá percibir ademais as axudas de custo ou as indemnizacións que correspondan pola súa asistencia.
- b) Non poderá percibir as axudas de custo ou as indemnizacións que correspondan pola súa asistencia a estes.
- c) Só poderá percibir as axudas de custo ou as indemnizacións que correspondan pola súa asistencia a estes.

12. De acordo co artigo 9 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a autorización de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público require:

- a) O informe previo favorable do órgano competente conforme á adscrición do segundo posto.
- b) A declaración responsable do interesado.
- c) A declaración responsable do interesado, co informe favorable do órgano competente conforme á adscrición do primeiro posto.

13. Segundo o disposto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, quen acceda por calquera título a un novo posto do sector público que conforme a esta lei resulte incompatible co que viñese desempeñando haberán de optar por un deles:

- a) No prazo de tres días desde a toma de posesión.
- b) No prazo de sete días desde a toma de posesión.
- c) Dentro do prazo de toma de posesión.

14. Segundo o disposto no artigo 12 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, as actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas administracións públicas:

- a) Só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta lei como de prestación a tempo parcial.
- b) Só poderán autorizarse cando para a actividade pública se modifique a xornada de traballo e horario na resolución de recoñecemento de compatibilidade.
- c) Non poderán autorizarse en ningún caso.

15. En base ao artigo 12 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, entre as actividades privadas prohibidas está incluída:

- a) O desempeño de actividades privadas por conta propia nos asuntos en que interviñese nos dez últimos anos.
- b) A pertenza ao consello de administración dunha empresa cuxa actividade estea directamente relacionada coas que xestione o organismo en que preste os seus servizos o persoal afectado.
- c) A participación superior ao 3 por 100 no capital das empresas ou sociedades contratistas de obras.

SUBGRUPO A1-TEMA 10-INCOMPATIBILIDADES-GALEGO

16. Segundo o disposto no artigo 13 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, non poderá recoñecerse compatibilidade ningunha para actividades privadas a quen se lle autorizou a compatibilidade para un segundo posto ou actividade públicos:

- a) En ningún caso.
- b) Sempre que a suma das xornadas de ambos os postos sexa igual ou superior á máxima nas administracións públicas, salvo que excepcionalmente a resolución que autorice a compatibilidade modifique a xornada e o horario para ambos os postos.
- c) Sempre que a suma de xornadas de ambos os postos sexa igual ou superior á máxima nas administracións públicas.

17. En base ao disposto no artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a resolución motivada na que se recoñeza a compatibilidade ou se declare a incompatibilidade ditarase no prazo de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.

18. En base ao disposto no artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os recoñecementos de compatibilidade para actividades profesionais laborais, mercantís ou industriais fóra das administracións públicas quedarán automaticamente sen efecto en caso de:

- a) Cambio de posto no sector público.
- b) Superación do prazo de tramitación.
- c) Cambio na estrutura organizativa da empresa.

19. En base ao artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, quen estea autorizado para o desempeño dun segundo posto ou actividade públicos e desexe exercer unha actividade profesional fóra das administracións públicas:

- a) Deberá instar a compatibilidade no primeiro posto.
- b) Deberá previamente optar entre os dous postos, e quedará en excedencia forzosa no segundo posto en caso de que non realice a opción en prazo.
- c) Deberá instar o recoñecemento de compatibilidade con ambos.

20. De acordo co disposto no artigo 16 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere:

- a) O 30 por 100 da súa retribución básica, incluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.
- b) O 30 por 100 da súa retribución.
- c) O 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

SUBGRUPO A1-TEMA 10-INCOMPATIBILIDADES-GALEGO

21. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, inscribíranse nos rexistros de persoal correspondentes:

- a) Todas as resolucións de compatibilidade para desempeñar un segundo posto ou actividade no sector público.
- b) Todas as resolucións de compatibilidade para desempeñar un segundo posto ou actividade no sector público ou o exercicio de actividades privadas.
- c) Todas as solicitudes de compatibilidade referidas á pertenza a consellos de administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas.

22. Segundo o disposto no artigo 19 de Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, quedan exceptuadas do réxime de incompatibilidades da presente lei as actividades seguintes:

- a) A participación ocasional en coloquios e programas en calquera medio de comunicación social.
- b) As actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.
- c) O exercicio retribuído do cargo de presidente, vogal ou membro de xuntas reitoras de mutualidades ou padroados de funcionarios.

23. En base ao disposto no artigo 20 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o incumprimento do disposto nos artigos anteriores será sancionado:

- a) Conforme ao réxime disciplinario previsto na lei de incompatibilidades, atendendo ás sancións que nesta se establezan.
- b) Conforme ao réxime disciplinario establecido no Estatuto dos traballadores.
- c) Conforme ao réxime disciplinario de aplicación.

24. En base ao disposto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a participación en tribunais cualificadores de probas selectivas para o ingreso nas administracións públicas:

- a) Queda exceptuada do réxime de incompatibilidades.
- b) Requirirá resolución motivada na que se recoñeza a compatibilidade ou se declare a incompatibilidade.
- c) Requirirá autorización de compatibilidade.

25. En base ao artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a falta de opción no prazo legal establecido, quen acceda a un novo posto do sector público que resulte incompatible co que viñese desempeñando:

- a) Entenderase que opta polo posto que viñese desempeñando, e pasará á situación de excedencia voluntaria no novo posto.
- b) Entenderase que optan polo posto que viñese desempeñando, e pasará á situación de excedencia forzosa no novo posto.
- c) Entenderase que opta polo novo posto, e pasará á situación de excedencia voluntaria nos que viñese desempeñando.